

A CORUÑA

EUROPE DIRECT A Coruña oferta actividades de sensibilización e participación europea que acollerá a rede de municipios 'Europa no teu Concello' nos primeiros meses do ano

POR REDACCIÓN A CORUÑA | PUBLICADO 20/02/2024

 COMPARTIR [f](#) [X](#) [WhatsApp](#) [in](#) [Link](#)


COMPARTIR **As propostas inclúen un obradoiro de contacontos, o espectáculo A Maxia de Europa e as exposicións Experiencia Europa e Pacto Verde Europeo**



EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña organiza unha decena de actividades nos primeiros meses de ano que poderán acoller e difundir os municipios que forman parte da rede **Europa no teu Concello**. Accións para dar a coñecer a Unión Europea aos nenos e nenas, para difundir políticas da UE entre a cidadanía e para achegar oportunidades de formación e participación en Europa a mocidade vertebran a oferta deste inicio de 2024.

Entre as accións informativas e de sensibilización sobre a UE, está dispoñible **Coñece Europa con Kalopsia**, un obradoiro de contacontos que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretida que é a UE e que conta con intérprete de signos para garantir a súa accesibilidade. Haberá tamén funcións de **A Maxia de Europa**, unha actuación chea de trucos, ilusión e humor coa que percorrer os símbolos e valores da UE e varias paradas da exposición ao aire libre **Pacto Verde Europeo**, que achega á cidadanía as liñas fundamentais das políticas verdes que guían o crecemento europeo. Ademais, xa está en marcha polos concellos a exposición itinerante **Experiencia Europa**, que achega o funcionamento da Unión Europea e a súa influencia no día a día a través dunha experiencia dixital.

Dentro das oportunidades para a mocidade, os membros da Europa no teu Concello poderán

Centro das oportunidades para a mocidade, os membros de Europa no teu Concello poderán promover a participación da xente nova do seu municipio na campaña **Embaixadorxs Destino Europa**, una iniciativa de euroinfluencers para incentivar o coñecemento dos programas europeos neste sector da poboación. Tamén está previsto un encontro coa Oficina do Parlamento Europeo en España denominado **Ventana a Europa** e os talleres formativos **Hello, Europe!**, que buscan incrementar a capacitación da mocidade en habilidades para a busca de oportunidades laborais e de formación na UE. Nestes primeiros meses, centraranse na carreira investigadora, na elaboración do CV Europass, na creación de cartas de presentación e nas habilidades dixitais.

A rede Europa no teu Concello ofrece, ademais das actividades de formación e de sensibilización europea, apoio aos concellos nas súas iniciativas locais e servizos de carácter xeral que inclúen a recepción dun expositor informativo, publicacións oficiais, materiais e newsletter semanal coas novidades de mobilidade para a xente moza, entre outros.


EUROPE DIRECT A Coruña, centro oficial de información da Comisión Europea da Deputación da Coruña, impulsou a posta en marcha desta iniciativa co obxectivo de descentralizar as actividades de información e sensibilización europea na provincia. A rede **Europa no teu Concello** suma xa 44 municipios da provincia da Coruña e a **campaña de adhesión** de concellos interesados na iniciativa continúa aberta. Poden poñerse en contacto a través do correo electrónico europedirect@dacoruna.gal.

Os concellos que participan nesta iniciativa son: A Baña, A Laracha, Abegondo, Ames, Ares, Boiro, Boqueixón, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cerceda, Cerdido, Culleredo, Dodro, Dumbría, Fene, Frades, Lousame, Moeche, Mugarbos, Narón, Negreira, Oroso, Paderne, Padrón, O Pino, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Rois, Sada, Santa Comba, Touro, Valdoviño, Vedra, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

Para información complementaria, pódese consultar a páxina web <https://www.dacoruna.gal/europedirect/europa-no-teu-concello>

ETIQUETAS [a coruña](#), [europa](#), [Europe Direct A Coruña](#), [union europea](#)

Comparte este artículo



ESCRIBE TU COMENTARIO

Noticias relacionadas



A CORUÑA VIMIANZO

Tractorada en Vimianzo



A CORUÑA

A Xunta adxudica por preto de 7,6 M€ a construción de 40 vivendas de promoción pública na Coruña



POLÍTICA

Miguel Lorenzo: "Rey debe dialogar con el PP porque los coruñeses han censurado su forma de gobernar al perder la mitad de sus votos en solo 9 meses"



A CORUÑA GASTRONOMÍA

Turismo da Deputación organiza en Donosti un evento para exhibir a riqueza gastronómica da provincia da Coruña



CARGAR MAS

